



Real Academia de Ciencias
Exactas, Físicas y Naturales



FACULTADE DE MATEMÁTICAS

Información ás familias sobre ESTALMAT PI Galicia - Curso 2011-12

O Proxecto ESTALMAT-Galicia ten por obxectivo detectar, orientar e estimular de xeito continuado o talento matemático de estudantes de 12-13 anos. Forma parte do Proxecto ESTALMAT-España, actualmente implantado en varias comunidades autónomas. Conta co aval científico da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais de España o apoio económico da Fundación Vodafone-España e do CSIC. O Proxecto ESTALMAT-Galicia, aprobado na Real Academia o 18 de abril de 2007, está pilotado pola Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, conta cun equipo docente de 30 profesores de matemáticas de ensino medio e das universidades galegas e un financiamento adicional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das Deputacións da Coruña e Lugo.

O funcionamento básico do Proxecto ESTALMAT-Galicia consiste en seleccionar cada curso un grupo de 25 alumnos de 12 e 13 anos, mediante unhas probas que pretenden detectar aptitudes matemáticas avanzadas, e impartirles clases adaptadas ao desenvolvemento do seu talento. Estas clases impártense na Facultade de Matemáticas durante dous cursos académicos (20 sábados por curso) prorrogables por outros dous (6 sábados por curso). As actividades dos dous últimos cursos (que chamamos 3º e 4º) constitúen o que chamamos ESTALMAT PI - Galicia. Para información máis detallada do Proxecto ESTALMAT-Galicia así como o programa completo de actividades dos 4 cursos, consulte a páxina web: <http://www.estalmatgalicia.com>.

Por distintos motivos (estudos no estranxeiro, imposibilidade horaria...), algún alumno ou alumna dos grupos que pasan a ESTALMAT PI, non pode continuar asistindo ás actividades programadas. Para que o esforzo académico e organizativo feito non quede desaproveitado, o Comité Organizador de ESTALMAT-Galicia decide ofrecer as prazas vacantes nos grupos de 3º e 4º aos alumnos mellor clasificados nas probas de selección da convocatoria correspondente e que non conseguiron entrar no no ano correspondente. Non ter asistido estes dous anos ao ESTALMAT ordinario non supón ningún atranco para poder seguir as actividades programadas no ESTALMAT PI.

En caso de aceptar, cando sexan chamados, as súas familias teñen que asinar o compromiso de asistencia ata o final do 4º ano, cubrir unha ficha cos seus datos e dúas autorizacións sobre imaxe e uso de traballos. Estes documentos enviaránselle por correo electrónico e deben entregalos asinados ás 10 horas do sábado 21 de xaneiro - antes do comezo das actividades dese primeiro día- ao Coordinador Académico (Victor Pollán) ou á Responsable de Relación coas Familias (Covadonga Rodríguez-Moldes) que os esperarán na Facultade de Matemáticas para darlle todo tipo de información adicional, facerlles unha foto para a ficha e completar o seu expediente.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2012

Juan M. Viaño

Presidente de ESTALMAT-Galicia



Proxecto ESTALMAT-Galicia – Facultade de Matemáticas – Universidade de Santiago de Compostela
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n - 15782 Santiago de Compostela

Tel.881813219 - 818813188 – Fax. 981597054 – Correo-e: estalmatgalicia@usc.es - <http://www.estalmatgalicia.com>